
PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN (PLEA)

IES PLURILINGÜE XOSÉ NEIRA VILAS

Perillo (Oleiros)

Curso de elaboración 2025-2026 · Vixencia 2029-2030

Elaborado por Mar Alejandro Ferreiro (Coordinadora da Biblioteca Escolar)

INTRODUCCIÓN

O presente documento recolle o **Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA)** do **IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas** (Perillo-Oleiros, A Coruña) para o período de vixencia **2026-2030**, elaborado de acordo coas directrices da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para este tipo de plans. O **PLEA** nace coa vontade de dotar ao centro dun marco común e coherente que, baixo o liderado da **biblioteca escolar**, articule as numerosas iniciativas de fomento da lectura, da escritura e do acceso crítico á información que xa se desenvolven nas aulas, superando a falta de coordinación transversal detectada no diagnóstico inicial.

O documento está estruturado en catro grandes bloques. En primeiro lugar, realízase unha análise pormenorizada do contexto do centro —contorna, situación sociolingüística e socioeconómica, recursos dispoñibles e prácticas xa existentes— que permite formular un diagnóstico de necesidades en materia de lectura, escritura e alfabetización informacional e mediática (**ALFIN/AMI**). A partir dese diagnóstico defínense os obxectivos do plan, organizados arredor de catro liñas estratéxicas: a mellora dos hábitos lectores e o uso educativo da biblioteca, o desenvolvemento da competencia escritora, a implantación dun itinerario común de **ALFIN/AMI** e o reforzo da colaboración entre biblioteca, profesorado e familias. Estes obxectivos concrétanse, a continuación, nun **plan de acción e cronograma** para os catro cursos de vixencia do **PLEA**, e o documento péchase coa definición dos **indicadores de logro** e dos mecanismos de seguimento, avaliación e difusión dos resultados, que garantirán a revisión e a mellora continua do plan ao longo de todo o seu período de vixencia.

1. ANÁLISE DO CONTEXTO DO CENTRO

O deseño e a implementación dun **Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA)** eficaz require, en primeiro lugar, un coñecemento rigoroso e actualizado do contexto no que se inscribe o centro educativo. Esta análise constitúe a base sobre a que se asenta o diagnóstico das necesidades do alumnado e, en consecuencia, a definición dos obxectivos e as accións que conforman o presente plan que levarase

acabo no período **2025-2029**.

1.1. Descrición do medio e situación sociolingüística

1.1.1. Contorna

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas está situado en Perillo, no concello de Oleiros, pertencente á provincia da Coruña. Trátase dunha zona de carácter periurbano, moi próxima á cidade da Coruña, o que determina en gran medida tanto o perfil socioeconómico das familias como os hábitos culturais e lingüísticos do alumnado.

A contorna inmediata do centro caracterízase por ser eminentemente castelanfalante. Aínda que existe alumnado que no ámbito familiar emprega o galego, o uso desta lingua no contexto escolar e social inmediato é minoritario. Esta situación ten implicacións directas sobre o deseño das actuacións de lectura e escritura en lingua galega contempladas neste **PLEA**.

Oleiros é un concello con acceso a servizos públicos consolidados —biblioteca municipal, instalacións deportivas, centros culturais e de lecer—, o que favorece o contacto do alumnado con recursos de carácter sociocultural que poden ser aproveitados de xeito complementario ás actividades do centro.

1.1.2. Ámbito lingüístico

Desde o punto de vista lingüístico, o centro presenta unha realidade plural e complexa. A lingua maioritaria de uso entre o alumnado é o castelán, tanto no contexto escolar como no social e familiar. Porén, o centro desenvolve un proxecto lingüístico ambicioso, recollido no seu **Proxecto Lingüístico de Centro (PLC)**, que contempla o traballo sistemático en catro linguas: galego, castelán, inglés e francés.

- **Distribución das linguas vehiculares:** seguindo o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as materias impártense nas dúas linguas cooficiais, garantíndose un reparto equilibrado de horas lectivas entre o galego e o castelán, sen prexuízo do disposto acerca das linguas estranxeiras como linguas vehiculares.

En concreto, a distribución na etapa de ESO é a seguinte:

- **Materias en galego:** Ciencias Sociais/Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza, Bioloxía e Xeoloxía, Educación Física, Educación Plástica, Proxecto competencial, e outras segundo acordos do claustro.
- **Materias en castelán:** Matemáticas, Tecnoloxía, Física e Química, Lingua castelá e Literatura, Relixión, e outras segundo acordos do claustro.
- **Materias en linguas estranxeiras:** Inglés (lingua estranxeira), Francés (segunda lingua estranxeira e sección plurilingüe), e Física e Química en inglés (sección bilingüe en 2º, 3º e 4º ESO).

Esta realidade multilingüe impón ao **PLEA** a necesidade de contemplar estratexias de fomento lector e de desenvolvemento das competencias de escrita e acceso á información nas distintas linguas de traballo do centro, atendendo ás especificidades de cada unha delas e fomentando a transferencia de competencias entre linguas.

Para fomentar o uso do galego como lingua vehicular, o centro conta cun equipo de **Dinamización da lingua galega**, que desenvolve anualmente un plan de actividades e proxectos dirixidos a promover o uso e o prestixio do galego entre a comunidade educativa. A biblioteca escolar actúa en coordinación co equipo de dinamización como espazo privilexiado de apoio a estas iniciativas. Así mesmo, este equipo e as actividades que promove serán tidos en conta na elaboración do **PLEA**, co fin de garantir a coherencia e a integración das actuacións de promoción e normalización lingüística desenvolvidas no centro.

1.1.3. Ámbito socioeconómico e familiar

O alumnado do IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas procede maioritariamente do Concello de Oleiros, aínda que tamén hai estudantes de concellos limítrofes e, en menor medida, doutras zonas de Galicia, doutros lugares de España e doutros países. No curso 2025-2026, o centro contaba con 389 alumnas e alumnos, dos cales a maioría tiñan Galicia como lugar de nacemento e arredor dun 15% eran orixinarios/as doutros países, principalmente latinoamericanos.

A presenza deste colectivo de alumnado de orixe estranxeira —cunha representación significativa— introduce unha variable socioeconómica e cultural relevante para o **PLEA**. Este alumnado pode presentar necesidades específicas no que respecta á competencia lingüística en galego e/ou castelán, á familiarización con referentes culturais do entorno e ao acceso igualitario aos recursos de información e documentación dispoñibles no centro.

En termos xerais, o perfil socioeconómico das familias é medio-alto, acorde coa natureza periurbana e próxima á cidade da Coruña que ten o Concello de Oleiros. Esta característica incide, en principio, nun contexto familiar favorable para a adquisición de hábitos lectores e para o acceso a recursos culturais e tecnolóxicos. Porén, as diferenzas entre familias aconsellan que o centro garanta a igualdade de acceso aos recursos de lectura e información a través da biblioteca escolar e das actividades promovidas polo **PLEA**.

O centro atende igualmente a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en relación coa competencia lectora, aspecto que deberá ser tido en conta na programación das actuacións do **PLEA**, garantindo a accesibilidade e a inclusión en todas as propostas.

1.1.4. Recursos socioculturais

A situación xeográfica do centro facilita o acceso a un amplo abano de recursos socioculturais que poden ser integrados nas actividades do **PLEA**, tanto como espazos de visita e traballo de campo como en tanto que fontes de información e recursos documentais complementarios.

Entre os principais recursos socioculturais do contorno destacan:

- **Biblioteca municipal de Oleiros:** espazo de referencia para a comunidade que pode actuar como extensión natural da biblioteca escolar, facilitando o préstamo de fondos, a participación en clubs de lectura e a realización de actividades culturais conxuntas.

- **Proximidade á cidade da Coruña:** o acceso a equipamentos culturais de maior envergadura —Biblioteca Pública da Coruña, museos, teatros, centros de exposicións, librarías— amplía significativamente as posibilidades de traballo fóra do centro.
- **Entidades e axentes externos:** a participación de entidades da contorna —asociacións culturais, empresas locais, institucións públicas— constitúe un valor engadido para o desenvolvemento de proxectos integrados de lectura, escritura e acceso á información.

O aproveitamento sistemático destes recursos é un dos eixes transversais do presente **PLEA**, que propugna un modelo de biblioteca escolar aberta ao territorio e en permanente interacción coa contorna sociocultural do centro.

1.1.5. Contexto educativo

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas é un centro de educación secundaria que imparte as etapas de Educación Secundaria Obligatoria (ESO) e Bacharelato.

Desde o punto de vista educativo, o centro presenta as seguintes características relevantes para o PLEA:

a) Plurilingüismo e internacionalización:

O centro ten o recoñecemento de centro plurilingüe e PluriBach. Oferta a posibilidade de cursar Xeografía e Historia en francés (sección plurilingüe) nos catro cursos da ESO, así como seccións bilingües de Física e Química en inglés en 2º, 3º e 4º ESO. Ademais, o centro é o único en Galicia que oferta o programa Bachibac (dobre titulación Bacharelato-Baccalauréat), co que o alumnado participante acada un nivel de francés equivalente ao B2 ao remate do Bacharelato. Esta dimensión internacional esixe que o **PLEA** contemple estratexias de lectura e acceso á información en linguas estranxeiras, en coherencia co **Proxecto Lingüístico de Centro**.

b) Prácticas lectoras e escritoras do centro:

O centro desenvolve diversas prácticas lectoras e escritoras no marco das programacións didácticas dos departamentos. Porén, a ausencia dunha coordinación

sistemática a través dun plan específico xustifica a elaboración do presente **PLEA**, que pretende dar coherencia e continuidade a estas actuacións, incorporando ademais a dimensión do acceso á información e da alfabetización informacional.

c) Alfabetización informacional:

Nun contexto marcado pola dixitalización e pola proliferación de fontes de información de moi diversa calidade e fiabilidade, a formación do alumnado en competencias de busca, selección, avaliación e uso ético da información é unha prioridade educativa de primeira orde. O **PLEA** deberá incluír estratexias e metodoloxías específicas neste ámbito, aproveitando os recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro, especialmente a participación do centro no programa E-Dixgal nos catro cursos da ESO.

d) Recursos materiais e humanos:

O centro dispón dunha biblioteca escolar que constitúe o eixo vertebrador do presente **PLEA**. A persoa coordinadora da biblioteca, xunto co equipo de apoio e coa colaboración do profesorado dos distintos departamentos, será a responsable de liderar, coordinar e avaliar as actuacións recollidas no plan. A implicación do conxunto do claustro e a integración do **PLEA** nas programacións didácticas son condicións indispensables para o éxito do plan.

1.2. Recursos dispoñibles para o fomento da lectura, a escritura e o acceso á información

1.2.1. Estratexia unificada para o traballo da competencia lingüística do alumnado

O centro conta con diversas iniciativas que inciden sobre a competencia lingüística do alumnado desde diferentes ángulos. A posta en marcha do **PLEA** ten como un dos seus propósitos esenciais artellar e dar coherencia a estas iniciativas, integrándoas nun marco común que garanta a continuidade, a progresión e a avaliación sistemática dos resultados ao longo das catro etapas da ESO e do Bacharelato.

a) Plan Anual de Lectura e Plan de Actuación da Biblioteca Escolar

O centro elabora anualmente un **Plan Anual de Lectura** no que desenvólvese un plan de actuación da Biblioteca Escolar. O meirande documento establece as prioridades, obxectivos e actividades de fomento lector para cada curso. Estas ferramentas de planificación constitúen o antecedente directo do presente **PLEA** e a experiencia acumulada na súa elaboración e aplicación achega información valiosa sobre as fortalezas do centro e as áreas de mellora pendentes.

b) Integración no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)

A biblioteca escolar está integrada no **PLAMBE**, programa da Consellería de Educación que apoia e financia as actuacións das bibliotecas escolares de Galicia. Esta integración implica o cumprimento de estándares de calidade, a elaboración de memorias de xestión e o acceso a recursos formativos e económicos específicos. O **PLAMBE** constitúe, polo tanto, un marco institucional de referencia que reforza e lexitima as actuacións do PLEA.

c) Clubs de lectura: O Faiado de Balbino

O centro conta cun proxecto consolidado de clubs de lectura baixo o nome común 'O Faiado de Balbino', integrado por grupos de diferentes temáticas e formatos —narrativa policiaca, relatos de mulleres, historia, banda deseñada, mitoloxía, teatro, literatura portuguesa e filosofía, entre outros— que desenvolven actividades lectoras, debates, encontros e propostas de creación cultural ao longo de cada curso escolar. A persoa coordinadora destes clubs participa nas Xornadas de Encontro organizadas pola **Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia (REDEBE)**, o que favorece a actualización metodolóxica e a creación de redes de colaboración entre centros.

d) Formación do profesorado (PFPP)

En materia de formación vinculada coa biblioteca e a competencia lingüística, o centro presenta o seguinte panorama:

- **A coordinadora da biblioteca** participa regularmente nas Xornadas **PLAMBE** e conta con formación específica en xestión informatizada da biblioteca escolar

mediante o programa *Koha*), o que garante unha xestión técnica actualizada dos fondos e do catálogo.

- **O coordinador dos clubs de lectura** participa nos encontros e xornadas da **REDEBE**, mantendo o contacto con experiencias e metodoloxías de dinamización lectora doutros centros.
- No centro desenvólvese tamén formación en **atención á diversidade e inclusión educativa**, relevante para o deseño de actuacións do **PLEA** accesibles e adaptadas á diversidade do alumnado.
- Porén, o profesorado en xeral non participa habitualmente en formacións específicas sobre biblioteca escolar ou competencia lingüística. Esta constitúe unha das necesidades de mellora máis relevantes identificadas, xa que a implicación de todo o claustro é condición indispensable para o éxito do **PLEA**.

1.2.2. A biblioteca escolar

A biblioteca escolar constitúe o espazo vertebrador do **PLEA** e o principal recurso de fomento da lectura, a escritura e o acceso á información de que dispón o centro. Trátase dun espazo activo e en permanente proceso de mellora, que cumpre funcións diversas: lugar de préstamo e consulta, espazo de estudo e convivencia, centro de dinamización cultural e recurso pedagóxico transversal ao servizo de toda a comunidade educativa.

a) Organización e xestión dos fondos

A biblioteca conta con fondos bibliográficos e audiovisuais actualizados periodicamente mediante a adquisición de novos materiais, atendendo ás propostas dos departamentos didácticos e ás demandas do alumnado. Os fondos inclúen coleccións de narrativa, ensaio, poesía, teatro, banda deseñada, álbum ilustrado, documentais e materiais en diferentes linguas, coherentes co carácter plurilingüe do centro.

A xestión informatizada dos fondos realízase a través do programa *Koha*, que permite a catalogación, o préstamo e a consulta do catálogo en liña. O centro dispón tamén de lotes de lecturas obrigatorias organizados e xestionados pola biblioteca, así como de bibliotecas de aula que garanten o acceso inmediato á lectura sen necesidade de

desprazamentos durante os tempos establecidos para a lectura na aula.

b) Horario e accesibilidade

A biblioteca permanece aberta durante os recreos e en determinados períodos do horario lectivo, garantindo o acceso da comunidade educativa aos servizos básicos de préstamo, consulta e estudo. O horario de atención ao público está cuberto polos distintos membros do equipo de biblioteca ao longo de toda a semana.

c) A biblioteca como espazo de convivencia, dinamización e aprendizaxe

A biblioteca do centro é un espazo multifuncional: lugar de lectura, estudo, reunión, desenvolvemento de actividades e proxeccións audiovisuais. A apertura durante os recreos é unha das actuacións máis valoradas pola comunidade educativa, que converte a biblioteca nun espazo de inclusión e convivencia. O espazo dispón igualmente de pizarra e equipamento audiovisual que amplían as posibilidades de uso educativo.

Ao longo de cada curso organízanse exposicións temáticas vinculadas ás efemérides do calendario escolar, encontros con autoras e autores, actividades de gamificación e outras propostas de extensión cultural que fan da biblioteca un espazo dinámico e participativo.

d) Visibilidade e difusión

A biblioteca dispón de presenza activa nos medios de comunicación do centro: páxina web do IES, conta de Instagram da biblioteca escolar e pantalla informativa na entrada do edificio. A través destes canais dáse a coñecer a programación de actividades, as novidades bibliográficas adquiridas e os resultados das iniciativas lectoras, favorecendo a visibilidade e a participación de toda a comunidade educativa.

1.2.3. Equipamento e recursos materiais, humanos e económicos

Para o desenvolvemento das iniciativas previstas no **PLEA** será imprescindible a colaboración de todos os recursos humanos do centro, con especial atención ao propio alumnado, ao profesorado e ao equipo directivo. Empregaranse igualmente diversos

recursos materiais e tecnolóxicos que a biblioteca garantirá, dentro das súas posibilidades, actualizando e adecuando a oferta ás necesidades do plan.

a) Recursos humanos

Perfil	Función
Coordinador/a da biblioteca escolar	Planificación, xestión e coordinación xeral do PLEA; xestión dos fondos; dinamización lectora; elaboración de memorias e documentos de planificación
Equipo de biblioteca	Colaboración na organización, atención ao público e desenvolvemento de actividades lectoras e culturais
Coordinador/a dos clubs de lectura	Dirección e animación dos grupos de lectura; coordinación coa Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia (REDEBE)
Profesorado dos departamentos didácticos	Integración da competencia lectora e escrita nas programacións; colaboración na selección de fondos e nas actividades interdisciplinares
Equipo directivo	Apoio institucional, supervisión e asignación de recursos horarios e económicos ao PLEA
Alumnado	Participación nos clubs de lectura, retos lectores, actividades culturais e proxectos de dinamización da biblioteca

b) Recursos materiais e tecnolóxicos

Materiais de lectura:

- Colección xeral da biblioteca: fondos de narrativa, ensaio, poesía, teatro, banda deseñada, álbum ilustrado e materiais en galego, castelán, inglés e francés.
- Lotes de lecturas obrigatorias, xestionados pola biblioteca para facilitar o préstamo ao alumnado de cada nivel.
- Bibliotecas de aula, que garanten o acceso inmediato á lectura durante a **Hora de Ler**.
- Carpeta de recursos da **Hora de Ler**, actualizada periodicamente con materiais lectores de uso directo nas aulas.

Tecnoloxías dispoñibles:

- Sistema de xestión bibliotecaria *Koha*, para a catalogación, o préstamo e a consulta do catálogo en liña.
- Ordenadores de uso libre para o alumnado na biblioteca, para busca e consulta de información.
- Pantalla audiovisual e equipamento de proxección para actividades formativas e de dinamización.
- Plataforma de recursos dixitais E-LBE 2, de acceso complementario.
- Dispositivos dixitais do centro (equipos E-Dixgal) para actividades de acceso á información e produción de textos.

Outros recursos materiais:

- Espazo de polos creativos con radio escolar e laboratorio creativo para o desenvolvemento de proxectos de expresión oral e escrita.
- Recursos de impresión, almacenamento e exposición (paneis, taboleiros, expositores) para a presentación de traballos e novidades bibliográficas.
- Material de papelería para a elaboración de materiais de dinamización e actividades lectoras.

c) Recursos económicos

Fonte de financiamento	Destino principal	Xestión
Dotación PLAMBE (Xunta de Galicia)	Adquisición de fondos bibliográficos, materiais de dinamización e mellora dos espazos	Coordinador/a da biblioteca
Programa de Clubs de Lectura (Consellería de Educación)	Adquisición de exemplares para os grupos de lectura	Coordinador/a dos clubs
Orzamento do centro	Recursos complementarios non cubertos polas dotacións específicas anteriores	Equipo directivo / Coordinador/a

O financiamento procedente do **PLAMBE** e do programa de **Clubs de Lectura** constitúe o soporte económico principal das actuacións da biblioteca. O orzamento do centro actúa como recurso complementario para atender necesidades non cubertas polas

dotacións específicas. A xestión eficiente destas fontes é determinante para garantir a actualización dos fondos e o desenvolvemento das actividades previstas no **PLEA**.

1.2.4. Prácticas de lectura, escritura e acceso á información nas aulas do centro

A análise do contexto do centro non estaría completa sen un diagnóstico das prácticas que o profesorado xa desenvolve nas súas aulas en relación coa lectura, a escritura e o acceso á información. Co obxectivo de coñecer esta realidade de primeira man, solicitóuselle ao claustro que trasladase, mediante cuestionario e observación directa, as dinámicas e metodoloxías empregadas habitualmente en cada materia. A información recollida, de enorme valor diagnóstico, revela unha situación de riqueza e diversidade de prácticas, pero tamén de falta de coordinación transversal que o presente PLEA pretende subsanar.

A. Prácticas lectoras

A lectura está presente en todas as materias do currículo, con formatos, obxectivos e graos de sistematización moi diferentes. Identifícanse as seguintes modalidades:

Lectura en voz alta e lectura guiada

A lectura en voz alta é a modalidade máis estendida no centro. Practícase mediante sesións de lectura compartida das obras de lectura de cada trimestre, acompañadas de resumo, análise comprensiva e debate. En determinadas materias, o/a docente tamén le en voz alta para servir de modelo de pronuncia, o que resulta especialmente relevante para o alumnado sen referentes orais en galego no seu contorno próximo. En materias de Ciencias e Humanidades practícase a lectura guiada de textos de divulgación, reportaxes e documentos específicos de cada disciplina, combinada coa comprensión de enunciados e a resolución razoada de problemas.

Lectura autónoma e Hora de Ler

A Hora de Ler está implantada como práctica do centro, con períodos específicos distribuídos ao longo da semana para evitar que recaian sempre nas mesmas materias.

O alumnado pode utilizar libros propios, exemplares da biblioteca escolar ou materiais das bibliotecas de aula. A súa implementación, con todo, é desigual entre grupos e materias, o que constitúe unha das principais áreas de mellora do **PLEA**.

Lectura de textos non literarios e multimodais

Varias materias desenvolven de forma regular a lectura e análise de textos non literarios: textos históricos, xornalísticos, legais e argumentativos; gráficas, mapas e imaxes; e documentos científicos de diversa natureza. Esta diversidade de formatos e soportes é un activo importante do centro que o **PLEA** deberá recoñecer e potenciar.

Lectura como proxecto interdisciplinar

O centro conta con experiencias de lectura en colaboración entre departamentos diferentes: textos de divulgación científica traballados conxuntamente por materias de lingua e ciencias; lecturas vinculadas a saídas de campo e visitas culturais; obras traballadas en paralelo dende materias de lingua diferentes; e lecturas obrigatorias de divulgación establecidas en varios departamentos. Existen tamén conexións entre as suxestións de lectura dalgunhas materias e os clubs de lectura do centro. Estas experiencias constitúen boas prácticas a consolidar e ampliar no marco do **PLEA**.

Lectura vinculada ao calendario cultural

A biblioteca e varios departamentos coordinan actividades lectoras vinculadas ao calendario de efemérides: Día das Escritoras, Día de Rosalía de Castro, Día das Letras Galegas, Día do Libro e Día de Xosé Neira Vilas. Estas actividades permiten conectar a lectura coa identidade cultural do centro e con referentes literarios significativos en galego, castelán e noutras linguas.

B. Prácticas escritoras

A produción escrita está presente en todas as áreas do currículo, con formatos variados: desde a toma de apuntes e o esquema ata a redacción literaria, o informe científico ou o proxecto interdisciplinar. As prácticas identificadas son as seguintes:

Escrita de proceso: borrador, revisión e versión mellorada

Desenvólvese un modelo de escrita por fases que inclúe a elaboración dun primeiro borrador na aula, a corrección docente e a posibilidade de entregar unha versión mellorada incorporando os erros sinalados. Os textos que pasan polo proceso completo mostran melloras palpables. Esta práctica, consolidada nalgúns materias de lingua, constitúe un modelo a trasladar ao conxunto do centro.

Escrita funcional e académica

A escrita funcional e académica está amplamente estendida no centro: elaboración de esquemas e toma de apuntes; resposta escrita a preguntas de comprensión; resumo de ideas principais; informes de laboratorio nos que o alumnado debe escribir, argumentar e reflexionar; e redacción de textos argumentativos, expositivos e históricos. Estas prácticas garanten un traballo regular da escrita en todas as etapas e materias.

Escrita creativa e multimodal

Diversas materias incorporan a escrita en formatos creativos e multimodais: reseñas de lectura libre; traballos creativos multiformato (dixital, escrito, artístico); exposicións audiovisuais; banda deseñada e carteis; e presentacións orais e escritas con debate posterior. Estes formatos amplían as posibilidades de expresión do alumnado e conectan a escritura con competencias comunicativas máis amplas.

Escrita a man e escrita dixital

Conviven no centro dúas modalidades de escrita: o traballo tradicional no caderno — que se mantén en varias materias para favorecer a organización do pensamento e a motricidade fina— e o traballo dixital a través de Edixgal, aulas virtuais e outros recursos tecnolóxicos. O PLEA deberá promover o seu uso complementario e progresivo ao longo das etapas.

C. Prácticas de acceso á información e alfabetización informacional

O acceso á información é o ámbito con menor presenza sistemática nas aulas do centro. Porén, identifícanse diversas prácticas valiosas que constitúen un punto de partida para

desenvolver unha alfabetización informacional máis estruturada:

Identificación e avaliación de fontes

Practícase en determinadas materias a verbalización explícita das fontes que o alumnado usaría antes de realizar calquera busca, o que permite ao docente avaliar a calidade das fontes que manexan e redirixir cara a recursos fiables. Foméntase igualmente a consulta de páxinas web de institucións oficiais e o espírito crítico ante a desinformación nas redes sociais, traballando a identificación de noticias falsas e a análise dos seus contidos.

Busca de información para proxectos e traballos de investigación

Varias materias incorporan traballos de investigación nos que o alumnado debe buscar, seleccionar e organizar información procedente de fontes diversas. En xeral, estas tarefas inclúen a busca en internet e a elaboración posterior dun produto (informe, presentación, traballo escrito), aínda que non sempre van acompañadas de instrucións explícitas sobre a avaliación da calidade e fiabilidade das fontes consultadas.

Uso de recursos e repositorios dixitais

O centro fai uso de diversas plataformas e ferramentas dixitais que favorecen o acceso á información: Edixgal e aulas virtuais para compartir materiais e recursos; recursos en liña propios de algúns departamentos para o traballo de reseñas, exposicións e redaccións; e webs de referencia recomendadas ao alumnado para o seu uso autónomo na casa.

Busca espontánea na aula

É práctica habitual aproveitar as dúbidas léxicas e conceptuais que xorden na aula para realizar buscas rápidas de imaxes ou definicións de termos de actualidade. Esta busca espontánea, aínda que non sistematizada, constitúe unha oportunidade natural para traballar a selección de fontes fiables e a avaliación crítica da información.

1.3. Diagnóstico de necesidades do centro

A partir da avaliación inicial realizada á comunidade educativa —que combina os resultados de enquisas ao alumnado, ao profesorado e ás familias coa análise das prácticas de aula— identifícanse as principais necesidades do centro en materia de lectura, escritura e acceso á información. Estas necesidades constitúen o fundamento sobre o que se constrúen os obxectivos e as liñas de actuación do **PLEA 2026-2030**.

1.3.1. Necesidades relacionadas coa lectura

A lectura está presente en todas as materias e existe unha cultura lectora activa sustentada pola biblioteca. Porén, esta fortaleza convive cunha implementación desigual e con carencias nos hábitos e na motivación lectora dunha parte importante do alumnado.

- **Consolidar e homoxeneizar a Hora de Ler.** A súa implementación é desigual entre grupos, cursos e materias, o que xera diferenzas no tempo efectivo de lectura e impide que esta práctica cumpra plenamente o seu potencial formativo.
- **Incrementar o uso da biblioteca escolar.** O alumnado non utiliza habitualmente o servizo de préstamo nin participa nas actividades da biblioteca, e a coordinación entre o profesorado e a biblioteca é insuficiente. É preciso reforzar o seu papel como recurso pedagóxico activo e integrado nas programacións didácticas.
- **Diversificar os formatos e materiais de lectura.** A motivación lectora do alumnado aumenta cando os materiais responden aos seus intereses. É necesario ampliar a oferta de formatos —cómic, álbum ilustrado, lectura dixital, literatura de xénero— con criterios pedagóxicos que garantan a progresión da competencia lectora.
- **Construír un marco de lectura transversal.** As propostas lectoras de cada materia funcionan de xeito illado e non responden a criterios comúns de centro. É necesario articular un marco que defina progresión, evite solapamentos e favoreza a complementariedade entre departamentos.
- **Reforzar o acompañamento lector das familias.** Aproximadamente a metade das familias indica que os seus fillos e fillas non teñen un tempo regular de

lectura na casa. É necesario deseñar accións de sensibilización e mellorar os canais de comunicación entre a biblioteca e as familias.

1.3.2. Necesidades relacionadas coa escritura

O alumnado amosa unha actitude positiva cara á escritura e esta trabállase en todas as materias. Pero a escritura está ligada case exclusivamente ás demandas académicas e non existe un modelo compartido de centro que garanta a progresión das competencias escritoras ao longo das etapas.

- **Estender o modelo de escrita de proceso a todo o currículo.** O traballo por fases (planificación, borrador, revisión e versión mellorada) só se aplica de forma sistemática nalgunhas materias de lingua. As dificultades máis frecuentes do alumnado —organización das ideas, coherencia textual, corrección lingüística e riqueza léxica— son precisamente as que melloran con este modelo.
- **Potenciar a escritura creativa e voluntaria.** A práctica totalidade do alumnado non participa en certames nin proxectos de creación literaria. A escritura creativa ten pouca presenza fóra das demandas académicas, malia que o centro conta con espazos potenciais para desenvolvela.
- **Desenvolver a escritura colaborativa e a revisión entre iguais.** As oportunidades de escritura colaborativa e de retroalimentación entre pares son escasas. Os procesos de corrección son habitualmente unidireccionais, sen que o alumnado desenvolva habilidades metacognitivas de revisión e mellora.
- **Mellorar a competencia mecanográfica e a escrita dixital.** Unha parte significativa do alumnado non domina o teclado nin as ferramentas básicas do procesador de textos. Esta carencia limita a produción escrita en contornos dixitais e condiciona a calidade dos traballos realizados neste soporte.
- **Implicar ás familias no apoio á escritura.** As familias demandan orientacións para apoiar a escritura desde o fogar, pero non contan con materiais nin canles de comunicación específicas para iso.

1.3.3. Necesidades relacionadas coa alfabetización informacional e mediática (ALFIN/AMI)

Este é o ámbito con maiores carencias detectadas. Aínda que o alumnado realiza tarefas de investigación en diferentes materias e existen iniciativas individuais valiosas, non hai no centro un itinerario formativo común nin criterios compartidos para o desenvolvemento sistemático desta competencia.

- **Implantar un itinerario común de ALFIN/AMI.** As prácticas de acceso á información son puntuais e non responden a criterios compartidos. É prioritario secuenciar de forma progresiva as aprendizaxes relacionadas coa procura, selección, avaliación, tratamento e comunicación da información ao longo das etapas.
- **Reducir a dependencia exclusiva de Internet como fonte de información.** Existe unha dependencia case exclusiva de Internet, cun escaso uso dos recursos documentais da biblioteca e pouca consulta de elementos paratextuais. É necesario formar ao alumnado no uso de fontes diversas e de calidade.
- **Establecer criterios comúns para a avaliación da fiabilidade das fontes.** Non existe no centro un criterio compartido para avaliar a fiabilidade da información. As boas prácticas individuais dalgúns departamentos non se traducen nun estándar común aplicable en todas as materias e etapas.
- **Formar en propiedade intelectual, dereitos de autor e citación de fontes.** Non existe unha práctica xeneralizada de citación bibliográfica nin webgráfica, e o coñecemento sobre propiedade intelectual e uso ético de recursos dixitais é moi limitado, tanto no alumnado como no profesorado.
- **Mellorar o dominio das ferramentas dixitais básicas para o acceso á información.** O dominio de hiperenlaces, procesadores de texto e ferramentas de elaboración de documentos é desigual entre o alumnado. Ademais, os recursos dixitais da biblioteca (*Koha*, *E-LBE 2*) son pouco coñecidos e utilizados.
- **Formar ao profesorado en ALFIN/AMI.** Máis da metade do profesorado non conta con formación específica en alfabetización informacional, e o uso dos recursos da biblioteca para apoiar proxectos de investigación é reducido. Esta carencia limita o impacto de calquera actuación do **PLEA** neste ámbito.

1.3.4. Conclusión: liñas estratéxicas do PLEA

O diagnóstico permite concluír que o IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas parte dunha base sólida —diversidade de prácticas lectoras e escritoras nas aulas, cultura lectora activa na biblioteca, experiencias interdisciplinares consolidadas— pero que esta riqueza non está suficientemente articulada nin responde a un marco común de progresión.

As necesidades identificadas orientan o plan cara a catro liñas estratéxicas:

- **Liña 1. Mellora dos hábitos lectores e incremento do uso educativo da biblioteca escolar.**
- **Liña 2. Desenvolvemento da competencia escritora en todas as áreas e materias.**
- **Liña 3. Implantación dun itinerario común de alfabetización informacional e mediática (ALFIN/AMI).**
- **Liña 4. Reforzo da colaboración entre biblioteca, profesorado e familias.**

2. OBXECTIVOS DO PLEA

Os obxectivos que se presentan a continuación derívanse directamente do diagnóstico de necesidades recollido na sección anterior e responden aos obxectivos xerais establecidos pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA).

2.1. Obxectivos de lectura

- Homoxeneizar e consolidar a práctica da Hora de Ler, en diante chamada **Tempo de lectura**, en todos os grupos da Educación Secundaria Obrigatoria do centro, garantindo un tempo de lectura libre diaria de 20 minutos efectivos en todas as materias implicadas.
- Diversificar os formatos e soportes de lectura ofrecidos ao alumnado —narrativa, cómic, álbum ilustrado, textos dixitais, ensaio de divulgación— para responder aos seus intereses e fomentar a motivación lectora.

- Construír un marco de lectura transversal e por niveis que defina progresión, evite solapamentos e favoreza a complementariedade entre os departamentos didácticos, con criterios acordados en Claustro.
- Mellorar a comprensión lectora do alumnado mediante o ensino explícito de estratexias de lectura —identificación de ideas principais, inferencias, vocabulario en contexto— integradas nas programacións didácticas de cada departamento.
- Incrementar o uso da biblioteca escolar como recurso pedagóxico activo, elevando o número de préstamos e a participación do alumnado nas actividades de dinamización lectora ao longo do período de vixencia do **PLEA**.
- Promover a lectura en galego en todas as etapas e materias, contribuíndo ao prestixio social da lingua galega e integrando as actuacións de lectura co **Plan de Normalización Lingüística** do centro.
- Reforzar o acompañamento lector das familias mediante accións de sensibilización e a creación de canles de comunicación entre a biblioteca e os fogares, facendo partícipes ás familias do proceso lector do alumnado.

2.2. Obxectivos de escritura

- Estender o modelo de escrita de proceso —planificación, borrador, revisión e versión mellorada— a todas as áreas e materias do currículo, dotando ao profesorado de instrumentos e criterios comúns para a súa aplicación.
- Establecer acordos de centro sobre os criterios de elaboración e valoración de textos escritos académicos, de xeito que exista coherencia na esixencia e na avaliación da produción escrita nas distintas materias.
- Potenciar a escritura creativa e voluntaria mediante proxectos de creación literaria, obradoiros de escritura e participación en certames, ampliar a presenza desta modalidade escritora máis alá das demandas estritamente académicas.
- Desenvolver a escritura colaborativa e a revisión entre iguais como estratexias

habituais nas aulas, fomentando a metacognición e a autoavaliación do alumnado sobre os seus propios textos.

- Mellorar a competEncia mecanográfica e a escritura dixital do alumnado, integrando o uso correcto do procesador de textos e das ferramentas de comunicación dixital nas actividades das diferentes materias.
- Promover a produción de textos en diferentes tipoloxías e soportes —textos descontinuos, infografías, carteis, presentacións audiovisuais— integrando a escritura multimodal nas programacións didácticas.

2.3. Obxectivos de acceso á información e alfabetización informacional e mediática (ALFIN/AMI)

- Implantar un itinerario común e secuenciado de **ALFIN/AMI** ao longo da ESO, con obxectivos diferenciados por niveis e acordados entre os departamentos didácticos e a biblioteca escolar.
- Establecer criterios comúns de centro para a avaliación da fiabilidade e calidade das fontes de información, de xeito que o alumnado de todas as materias aplique os mesmos estándares de pensamento crítico ante a información.
- Reducir a dependencia exclusiva de Internet como fonte de información, potenciando o uso dos fondos documentais da biblioteca escolar, das bases de datos especializadas e dos recursos en liña de calidade contrastada.
- Formar ao alumnado en propiedade intelectual, dereitos de autora e autor e citación de fontes —bibliográficas e webgráficas— implantando unha norma de citación común para todos os traballos escritos do centro.
- Promover o uso dos recursos dixitais da biblioteca escolar —catálogo *Koha*, plataforma *E-LBE 2*— entre o alumnado e o profesorado, incrementando a súa visibilidade e integración nas tarefas de investigación das distintas materias.
- Formar ao profesorado en **ALFIN/AMI** mediante accións de formación no propio

centro (PFPP), co fin de que o claustro teña as ferramentas e os criterios necesarios para integrar o acceso crítico á información nas súas programacións.

- Fomentar a metacognición do alumnado sobre os seus procesos de aprendizaxe, propiciando a autorreflexión sobre a lectura, a escritura e o acceso á información como parte das tarefas habituais das distintas materias.

En Perillo, a 30 de xuño de 2026